

## **BASES DO CONCURSO DE CREACIÓN DA MASCOTA DO BARRIO DE SANTA MARTA**

A continuación preséntanse as bases e normas do concurso deseñado para escoller a mascota do barrio compostelán de Santa Marta organizado dende o “Centro Sociocultural de Santa Marta” e en colaboración coa Asociación Veciñal VEDESMA Sta.Marta - Choupana, co obxectivo de promover a creatividade e o enxeño da veciñanza á hora de deseñar un novo símbolo de identidade para todos e todas nós.

As persoas participantes optarán aos seguintes recoñecementos:

1. Exposición da súa obra co recoñecemento oportuno no CSC e barrio de Santa Marta.
2. Recoñecemento da súa obra como a mascota oficial do CSC e do barrio de Santa Marta.

### **1. PARTICIPANTES:**

Poderá participar calquera persoa que aprecie o noso barrio, resida ou non no mesmo, e goce deste e do seu Centro Sociocultural.

### **2. TEMÁTICA:**

A temática deste concurso é libre, simplemente hai que ter en conta o tipo de mascota que cada quen queira realizar pensando en que opción será a mellor representante do noso barrio.

### **3. OBRA:**

Para ser admitidas a concurso, todas as propostas deben cumprir coas normas establecidas nestas bases:

- a. Cada participante poderá presentar un máximo dunha única proposta realizada baixo calquera técnica artística.
- b. Valorarase positivamente o emprego de materiais reciclados no deseño das obras.
- c. As persoas participantes deben responsabilizarse de ter a autoría da obra e non se admitirán propostas que presenten dereitos de autor, así como tampouco serán admitidas propostas xa premiadas ou que participasen previamente noutros concursos.
- d. As obras que sexan irrespectuosas coas persoas ou colectivos serán rexeitadas directamente do concurso.
- e. O estilo da obra será de temática libre, puidendo facer uso de diferentes materiais como telas, cartóns, papel de xornal, pinturas, etc.

#### **4. CESIÓN DA OBRA:**

Dada a finalidade do concurso e a intención de converter a unha das obras presentadas en símbolo e imaxe do barrio de Santa Marta e do seu Centro Sociocultural, a simple presentación a concurso de calquera obra supón a cesión completamente gratuita dos dereitos sobre a mesma para a utilización da súa imaxe en diferentes accións de promoción de Santa Marta, así como a súa exposición en diferentes espazos públicos. O autor ou autora da obra tamén permite, coa súa participación no concurso, a realización de pequenas modificacións na idea orixinal da obra para adaptala a diferentes formatos (dixital, en papel, etc.) de ser estas necesarias. Malia todo o anterior, esta cesión da obra supón tamén, en todo caso, o absoluto respecto a autoría da obra e a obriga por parte do Centro Sociocultural e de calquera entidade/institución do barrio de recoñecer os pertinentes e merecidos créditos á persoa creadora da mesma.

#### **5. PRESENTACIÓN:**

A obra deberá ser presentada baixo un título, descrición de non máis de tres liñas, nome da persoa que concursa, DNI e teléfono de contacto da mesma (cubrir e asinar anexo 1). En canto á descrición da obra, esta será libre, polo que pode ser unha simple descrición do que nela se observa, unha reflexión, unha descrición das emocións que a obra lle transmite ao autor/a, unha breve explicación ou historia do vínculo da mascota co barrio...

As obras presentaranse, xunto cos datos solicitados anteriormente (anexo 1), presencialmente na conserxería do CSC Santa Marta. O anexo 1 tamén poderá ser entregado de xeito telemático en formato PDF ao seguinte correo electrónico: [cssantamarta@santiagodecompostela.gal](mailto:cssantamarta@santiagodecompostela.gal)

#### **6. DATAS DE ENTREGA:**

As datas de entrega para participar no concurso serán dende o día de publicación destas bases até o 12 de abril do ano 2024.

Todas as obras que entren ao concurso poderán ser expostas no CSC de Santa Marta se a súa dirección o considerase oportuno, polo que coa simple presentación ao concurso da mesma o autor ou autora xa se lle está dando permiso ao centro para a súa exposición de xeito completamente gratuíto. De producirse, a data de exposición será determinada pola organización do concurso coa maior brevidade posible e comunicada ao público xeral por medio das redes sociais do CSC.

## **7. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS:**

Para a valoración e selección das obras gañadoras, crearase un xurado imparcial o cal valorará toda obra en base aos seguintes criterios:

- Orixinalidade.
- Creatividade.
- Emprego de materiais reciclados.
- Estética.
- Vinculación da proposta co barrio (tradición, historia, vínculo...).

O xurado imparcial estará conformado polos seguintes integrantes:

1. Sandra Quintana Rodríguez, animadora sociocultural responsable do CSC Santa Marta.
2. Javier Debén dos Anjos, alumno en Prácticas de Educación Social no CSC Santa Marta.
3. Maruxa Guitián Montero, representante da AAVV de Santa Marta (VEDESMA).

No caso de darse un empate nas votacións, este resolverase por medio dunha votación popular entre as opcións empatadas.

**8. ANEXOS:**

Anexo 1

FOLLA DE INSCRIPCIÓN DE OBRA PARA O CONCURSO DE CREACIÓN DA  
MASCOTA DO BARRIO DE SANTA MARTA

|                          |  |
|--------------------------|--|
| Nome do autor/a          |  |
| Título da obra           |  |
| Teléfono de contacto     |  |
| DNI do autor/a           |  |
| Breve descrición da obra |  |

En Santiago de Compostela a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ do ano 2024

Sinatura